

6. RECOMENDACIÓNs PREVIAS ÁS FAMILIAS E PARTICIPANTES

- Para participar no Programa Municipal de Conciliación "IGUAL E +", todas as familias deberán aceptar unha declaración responsable, onde garantan que a saúde do/a neno/a durante os 14 días previos á entrada ao servizo foi a axeitada e non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo ou falta de aire. Ademais de non estar en contacto con ninguén coa devandita sintomatoloxía.
- Todas as familias teñén a súa disposición a normativa e protocolos COVID na páxina web do Concello coas medidas hixiénico-sanitarias que se van a tomar, entre as cales estarán:
 1. MEDICIÓN DE TEMPERATURA: Á chegada do/a neno/a e como medida de seguridade comprobarase a temperatura mediante os termómetros a distancia. Por cumprimento coa lei orgánica de protección de datos os datos da temperatura non se recollerán. Se é correcta (non supera os 37,1°C) pasará ao programa de conciliación, senón terá que volver para a súa casa.
 2. HIXIENE DE PÉS: os nenos e nenas pasarán por dous felpudos. No primeiro simplemente limparán o calzado, no seguinte que estará humedecido en líquido hixienizante mollaran a sola.
 3. HIXIENE DE MANS: botarémolles nas mans xel hidroalcohólico para que pasen. Ao respecto deste protocolo haberá cartelería axeitada na entrada.
 4. MÁSCARA: É OBRIGATORIO QUE CADA NENO/A TRAI A SÚA CORRESPONDENTE MÁSCARA, mínimo unha máscara hixiénica ou quirúrxica (que non traían máscara de tela por favor). Se é unha de máis protección mellor.
- No caso que durante o traxecto da actividade se declare un caso de contaxio na unidade familiar dun participante, comunicarse directamente á empresa organizadora. A empresa organizadora comunicará a situación aos servizos sanitarios e seguirá o procedemento indicado por eles.



Subvención concedida pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e cofinanciada polo Fondo Social Europeo e polo Concello de Tui



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNs PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA



CONCELLO DE TUI



CONCELLO DE TUI

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

IGUAL E +

Do 1 ao 9 de Setembro
de 9.00 a 14.00 horas

Lugares de Realización: Tui Centro Urbano (pavillón nº2 - 2 grupos), Caldelas de Tui, Guillarei, Rebordáns, Randufe e Areas (son 70 prazas en total distribuídas en 10 por lugar)

Mais información no número: 986.603.625 (extensión - 54)
Bases e inscrición en www.tui.gal

Inscricións ata o 28 de Agosto (as prazas cubriranse por rigoroso orde de chegada)

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN IGUAL E +

1. INFORMACIÓN XERAL

- Do: 01-09-2020 ó: 09-09-2020
- Horario: de 9:00 a 14:00 h
- Destinatarios/as: 3 - 12 anos
- Prazas: 70 prazas (10 por lugar)
- Entrada: De balde
- Lugares da actividade:
- Tui Centro Urbano (pavillón nº2 - 2 grupos), Caldelas de Tui, Guillarei, Rebordáns, Randufe e Areas.
- Inscricións ata o Venres, 28 de Agosto 2020

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Dentro do horario do programa de Conciliación se intercalarán actividades LÚDICO EDUCATIVAS, DEPORTIVAS, XOGOS e OBRADOIROS, primando a realización das mesmas ao aire libre e SEMPRE TRABALLANDO BAIXO A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

O HORARIO BASE do programa de Conciliación será o seguinte:

8:50 – 9:10h Acollida escalonada (por mor do protocolo COVID).

9:35 – 11:00h 1º actividade

11:00 – 11:30h Almorzo

11:35 – 13:30h 2º actividade

13:35 – 14:00h Recollida e preparación para a despedida escalonada

**Nos días nos que haxa saída polo entorno o horario do mesmo podería sufrir modificacións.

TEMÁTICA DE CADA ESPAZO

- 1.TUI CENTRO URBANO 1 (pavillón nº2): TEMÁTICA. MULLERES SENLLEIRAS DE GALICIA
- 2.TUI CENTRO URBANO 2 (pavillón nº2): TEMÁTICA. AS PROFESIÓNS
- 3.CALDELAS DE TUI: TEMÁTICA. EDUCACIÓN EMOCIONAL
- 4.GUILLAREI: TEMÁTICA. ARTES ESCÉNICAS
- 5.REBORDÁNS: TEMÁTICA "DESCUBRE O TEU TALENTO"
- 6.RANDUFE: TEMÁTICA "MÚSICA E BAILE
- 7.AREAS:TEMÁTICA. A NATUREZA

3. ACTIVIDADES

Dentro do horario do programa de Conciliación se levarán a cabo actividades prioritarias tales como:

- MIRANDO CON LENTES DE XÉNERO.
- COÑECENDO OS NÓS DEREITOS HUMÁNS
- USO DO TEMPO E DIVISIÓN DO TRABALLO DENTRO DAS FAMILIAS.
- OBRADORIO DE ANÁLISIS DE ACTIVIDADES E ROLES.
- TREATRÉVETE (Teatro para traballar os estereotipos de xénero)
- CONTOS Ó REVÉS.
- EU SON E PODO.
- XINCANA NON SEXISTA
- CANSIÓNS POLA IGUALDADE
- XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS
- XOGOS DEPORTIVOS PARA TRABALLAR OS ROLES DE XÉNERO
- XINCANAS TEMÁTICAS
- ACTIVIDADE DE ORIENTACIÓN E XINCANA MEDIOAMBIENTAL

4. PROTOCOLO COVID

ESPAZO INDIVIDUALIZADO:

O Programa contará coa sinalización axeitada dun espazo individualizado para cada neno/a, separado dous metros do espazo de calquera compañeiro/a. Nese espazo o usuario deixará:

- 1.- A súa mochila cada día ao chegar.
- 2.- Unha mochila de muda que quedará nese espazo todo o servizo.

RATIOS USUARIO/A-MONITORADO:

A medida xeral é que realizaremos grupos detallados en número a continuación que NON SE INTERRELACIONARÁN ENTRE ELES. Dentro do grupo cada neno/a terá o seu propio material que non compartirá con outros/as compañeiros/as.

PERSONAL:

1 COORDINADOR/A DE SEGURIDADE E HIXIENE QUE SE OCUPARÁ DE REALIZAR TODOS OS PROTOCOLOS NECESARIOS DE HIXIENIZACIÓN E CONTROL DAS MEDIDAS COVID-19:
1 Monitor/a de Tempo Libre para traballar co grupo de nenos/as.

MATERIAL DE ACTIVIDADES:

- Se hixienizará o material antes e despois do seu uso segundo indica o protocolo.
- Non se empregarán materiais acuosos.
- Non se realizarán actividades que impliquen compartir comida, coller obxectos coa boca ou similar.
- Unha BOLSA DE OBRADOIROS de uso unipersonal, na cal o usuario disporá de todo o material que vai necesitar para realizar os diferentes obradoiros fixados na programación (tesoiras, gomets, pegamento, pinturas, etc).

5. PRIORIDADES DE INSCRICIÓN

Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Tui. Na selección terase en conta o nivel de renda da unidade familiar, en todo caso:

1- Terán prioridade as persoas participantes cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2019 (IPREM).

2- Familias que teñan necesidades de Conciliación e que se atopen nos seguintes supostos:

2.1. Familias que acrediten que precisan encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse en por sí.

2.2. Familias nas que as dúas persoas proxenitoras ou a persoa proxenitora no caso de familia monoparental están en situación activa de emprego e teñan a obriga de acudir ao seu centro de traballo.

2.3. Familias nas que as dúas persoas proxenitoras ou a persoa proxenitora no caso de familia monoparental están en situación activa de emprego, e unha delas ou atitular da familia monomarental/monoparental está en modalidade de teletraballo.

2.4. Familias nas que as dúas persoas proxenitoras ou a persoa proxenitora no caso de familia monoparental están en situación activa de emprego, e unha delas ou as dúas ou a titular da familia monoparental está en situación de Expediente de Regulación Temporal de Emprego.

3-Familias que teñan necesidades de Conciliación e que non se atopen nas situacións anteriores.

Para realizar a inscrición as persoas interesadas deben descargar o formulario da páxina web do Concello e presentalo por rexistro acompañado da documentación necesaria:

- Ficha de inscrición.
- Fotocopia do Libro de familia.
- Declaración da renda (2019)
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente da/o menor.
- Certificado de familia monoparental, sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador.
- Acreditación da necesidade de conciliación: traballo, formación, coidados ou calquera outra circunstancia ou documentación que se solicite dende os servizos sociais comunitarios municipais e que sexa necesaria para unha millor resolución da solicitude.

